

O biólogo Francisco Sónora impulsa a unidade didáctica Climántica, un alicerce educativo dirixido a Primaria e Secundaria co que os cidadáns do futuro poderán comprender os efectos do cambio climático e as pautas para actuar.

¿Como nace Climántica?

Como un proxecto de educación ambiental que pretende recoller as grandes temáticas: hidrosfera, cambio climático, paisaxe e ordenación do territorio... Preténdese buscar un marco global que lle dese unidade ó proxecto e, por outro lado, buscar un modelo que vaia do particular ó global, de modo que calquera actuación contraria ó medio no particular, tivese repercusións no global, polo que nos pareceu que o cambio climático era un bo modelo en tanto que os residuos eran gases e provocan o efecto invernadoiro. Cambia o clima, cambia a paisaxe, o turismo, a ordenación, o medio rural porque veñen secas, hai posibilidades de lumes, hai migracións e problemas norte-sur, polo

FRANCISCO SÓNORA

"Os mozos son o futuro e poden cambiar a mentalidade de pais e avós"

que nos pareceu moi interesante ese paraugas global, e ademais Climántica, quere dicir iso, unha forma de abordar a educación ambiental en forma de disciplina con educación para toda a cidadanía.

¿Cando se comezará a aplicar?

No Ensino Secundario xa a través de centros piloto. Xusto o xoves pasado, a Consellería de Educación, que desenvolve con Medio Ambiente o proxecto, comunicoulles ós centros educativos o comezo da experiencia e ofrecenlles ós mestres participar nela, polo que organizaremos un curso de formación. No Ensino Primario estamos xerando os primeiros produtos, con cómics e curtas de animación coas imaxes reais e en personaxes



FOTOS: ANTONIO HERNÁNDEZ

futuro da humanidade que é moi difícil facerlle fronte.

¿Cales son os pequenos grans de area que poden achegar para facerlle fronte a este reto?

Na vida diaria o principal compromiso para os rapaces deben ser os residuos e formalos no aforro enerxético. Tamén son un vehículo de concienciación familiar, porque son o futuro e poden cambiar a mentalidade dos pais e dos avós.

En xeral, ¿como está preparada Galicia para o cambio climático?

Pois parece que somos das comunidades máis comprometidas co cambio climático segundo datos do Ministerio. Aquí na dirección xeral de Desenvolvemento Sostible teñen un modelo coherente en canto á investigación e á educación, sólido e con moitas fronteas.

¿O futuro é tan malo como o pintan?

Vai haber cambios na paisaxe e no posicionamento

3D, pero aínda o deixaremos para o curso próximo.

¿Os efectos do cambio climático estudarase como unha unidade á parte ou integranse nas materias de ensino?

Son unidades bastante estruturadas e completas e pretendemos que o material lle dea diferentes posibilidades ó profesorado. Para aplicalo globalmente entendemos que debería ser nun ciclo formativo de técnicos ambientais en colaboración cos distintos departamentos, cunha colaboración transversal. Á parte diso, esta semana fraccionáronse os capítulos para que se poidan usar independentemente, e por exemplo, ademais dos efectos na sociedade e na economía pódennos servir ós mestres desta materia. Tamén imos permitir o fraccionamento por contidos, como o efecto invernadoiro e permitirase a descarga na web de todos os materiais.

Fálase moito do cambio climático pero, ¿os rapaces son verdadeiramente conscientes da súa transcendencia?

Dáme a sensación por charlas nos institutos que organizei que, si que lles preocupa e, ás veces, dunha forma moi alarmista, e habería que sacarles ese alarmismo. Son capaces de darse conta que estamos diante dun reto que compromete o



Francisco Sónora, biólogo e pedagogo, quixo aproveitar a súa experiencia como autor de proxectos educativos para impulsar Climántica, da que destaca a súa completa web para a formación

do territorio e xa vemos agora que o turismo de esquí está en crise e hai un problema importante nos ecosistemas e na paisaxe, o Mediterráneo será máis árido e a zona atlántica "mediterraneizarase", por así dicilo. As migracións climáticas están tamén aí e observamos un escenario con cambios económicos moi importantes.

En Galicia en concreto, ¿teñen que ver os lumes co cambio climático?

Si, e así o corroboran os estudosos na materia como Díaz Fierros. É lóxico, porque se hai quecemento, hai secas, e se non se coidan os terreos propáganse máis fácil os lumes. Se a isto lle sumamos un inverno con chuvias torrenciais, temos un escenario típico do fenómeno.